PROXECTO DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA CENTRO DE DÍA DE BOIRO

"RECICLA E CREA COAS MANS" - 2016

O centro de día é un servizo xerontolóxico e de apoio ás familias, que durante o día presta atención terapéutica integral e plural ás persoas maiores con dependencia ou en grave risco de padecela, promovendo a súa autonomía persoal, a actividade relacional e a permanencia no entorno habitual. Ademais, constitúe un punto de referencia para a comunidade en canto á intervención con persoas maiores e as súas familias.

Dada a importancia e o compromiso dos profesionais que traballamos diariamente coas persoas maiores en canto a un envellecemento activo e saudable, consideramos que a nosa presenza no seo da comunidade é beneficiosa para concienciar á poboación sobre isto. A proposta do centro de día é ofrecer actividades de ocio e tempo libre para as persoas maiores da comunidade, co fin de actuar noutros emprazamentos diferentes ao centro e posibilitar que ditos maiores accedan a alternativas adaptadas ás súas capacidades.

Para o período de **abril a xuño de 2016**, o equipo terapéutico do Centro de Día de Boiro, en colaboración co Concello de Boiro, vai a desenvolver un proxecto de intervención comunitaria denominado **"Recicla e crea coas mans"** e dirixido a persoas maiores do Concello de Boiro.

- **"Recicla e crea coas mans"**: Do 20 de abril – 29 de xuño de 2016. Realizarase no **Centro Social de Cespón** os mércores, en horario de 10:30 - 11:30 h.

Na actividade **"Recicla e crea coas mans"**, proporcionaranse coñecementos básicos sobre reciclaxe de diferentes elementos e técnicas de reciclado para crear obxectos de decoración, adaptado aos gustos e intereses das persoas maiores participantes.

As prazas son limitadas. A **inscrición é gratuíta** e poderá realizarse:

- No Centro de Día de Boiro ou no teléfono: **981 107 289**.
- A través da Asociación de Veciños de Cespón: **664 217 699.**